



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS

BASES DE PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE “ VEN E DESCUBRE 2012”,

Aprobadas na resolución do 5ºTTE. Alcalde delegado Servizos Sociais, Sanidade e Consumo do 12 de marzo do 2012, nº 1144/2012

PRIMEIRO.-

O Programa “**Ven e Descubre**” desenvólvese a través da área de Servizos Sociais do Concello de Oleiros dentro do programa de “Envellecemento activo”. O obxectivo é favorecer as persoas maiores o coñecemento do entorno.

Neste programa ofrécense rutas adaptadas ao colectivo de persoas maiores en dous formatos diferentes:

- excursións en autobús con grupos de 100 persoas que realizan pequenos itinerarios culturais guiados en grupo,
- rutas de sendeirismo no que participan grupos de 40 persoas

SEGUNDO.-

A actividade está dirixida as persoas maiores de 60 anos empadroadas no Concello de Oleiros, que teñan unhas condicións físicas e psicolóxicas que lles permitan participar de forma autónoma na actividade.

No caso das parellas con un membro menor de 60 anos, este so poderá participar na compañía do seu cónxuxe.

TERCEIRO.-

As excursións teñen un **prezo público de 5 euros por cada saída**, agás da ruta de sendeirismo por Oleiros.

O prezo incluírá o transporte, equipo de monitores /as especializados, seguros, visitas guiadas, así como as entradas a centros e museos que se fagan en grupo.

O prezo público deberá abonarse entre o 21 de Abril e o 18 de Xuño. Os impresos de auto liquidación se lles facilitará durante a 1ª excursión, ou ben poderán recollelos nas oficinas de Servizos Sociais.

Deberán entregar os xustificantes de pago no prazo establecido aos monitores e monitoras da excursión ou ben nas oficinas de Servizos Sociais.

A comida non está incluída e corre a cargo de cada participante. A organización intentará organizar unha comida en grupo en cada itinerario. As persoas que desexen comer en grupo deberán apuntarse no momento da inscrición.

CUARTO.-

Seguirase un rigoroso orden de asignación de prazas, aquelas persoas que queden fora dos ratios dos grupos establecidos poderán figurar nunha lista de reserva.

En ningún momento se asignarán número de asentos nin reservas.

Os itinerarios de recollida de paradas poderán variarse para adaptarse as características do grupo.

QUINTO.-

O Concello poderá anular reservas de prazas en función das características do solicitante (nivel de dependencia física e psicolóxica, comportamento etc.), previos os informes que sexan oportunos.

SEXTO.-

As persoas inscritas comprométese a comunicar as posibles renuncias á praza nun prazo máximo de tres días de antelación á saída, de non facelo así, o Concello poderá causarlle baixa en todas as excursións nas que estea inscrito.



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS

SÉPTIMO.-

Os horarios de saída e orde das paradas dos autobuses comunicaranse a semana anterior á realización de cada saída.

OCTAVO.-

Para participar en sendeirismo é obrigatorio acudir ás reunións de preparación e a ruta por Oleiros, "Os bosques encantados de Oleiros" na que se valorará a condición física.

As persoas inscritas en sendeirismo deberán cumprimenta-lo impreso informativo sobre o estado de saúde e hábitos relacionados coa actividade física.

NOVENO.-

As inscricións se efectuarán unicamente no teléfono 981.610.000 en horario de 16:00 ás 20:00 e nos seguintes prazos.(Imprescindíbel comunicar o número do documento nacional de identidade, ser maior de 60 anos e estar empadroadado en Oleiros)

- EXCURSIONISMO

Grupos de PERILLO, MONTROVE, OS REGOS, 26,27,28,29 Marzo

Grupos de IÑAS OLEIROS, 30 Marzo e 2,3,4 de Abril

Grupos de STA CRUZ, 9, 10, 11 de abril

Grupos de DORNEDA, MAIANCA, 12, 13, 16 de Abril.

Grupos de SERANTES, DEXO, LORBE, 17, 18, 19 de Abril

Grupos de NOS, 20, 23, 24 de Abril

-
- SENDEIRISMO

Tódolos grupos 25, 26, 27, 30 de Abril

O prazo de inscrición se manterá aberto con posterioridade a estas datas ata o 11 de de Maio, estas inscricións serán so para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse nos usuarios inscritos.